



RESOLUCIÓN

Asunto: *Solicitud de acceso a información pública*

Interesado/a: *Miguel Angel González Delgado*

Procedimiento: *PR100A*

Vista a solicitude de acceso á información pública presentada o 13 de xullo de 2019 por Miguel Ángel González Delgado, con DNI núm. 32413124Y, domicilio na rúa Juan Castro Mosquera, 28, 2º, 15005 A Coruña, que deu lugar ao inicio do procedemento para o exercicio do dereito de acceso a información, dítase a presente resolución en base aos seguintes,

FEITOS

PRIMEIRO- O 10 de outubro de 2018, Miguel Ángel González Delgado presentou un escrito de recusación da secretaria xeral de Medios en relación coa presentación dunha serie de escritos de Miguel Ángel González Delgado e da entidade PLADESEMAPESGA, que posteriormente amplía o día 19 de outubro, a unha serie de pretendidas competencias, funcións e actuacións atribuíbles, a maior parte delas, á Secretaría Xeral de Medios, que se relacionan no Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas polo que se estima a recusación e no que se nomea como substituto ao subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Secretaría Xeral de Medios.

SEGUNDO - O 13 de xullo de 2019, Miguel Ángel González Delgado presentou un escrito de solicitude de acceso a información pública do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual relativa aos anos 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e previsión do 2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- Competencia

De conformidade co artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución da solicitude de acceso a información relativa a comunicación audiovisual corresponderá á persoa titular da secretaria xeral de Medios.





Non obstante, de conformidade co Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, polo que se admite o incidente de recusación formulado polo interesado, a competencia para resolver este procedemento administrativo corresponderá ao subdirector xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios.

SEGUNDO- Normativa aplicable

- Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Orde do 3 de marzo de 2016 pola que se aproba o modelo normalizado de solicitude de acceso á información pública da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO- Prazo

De conformidade co artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, *“a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaran, o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver”*.

Vista a solicitude de acceso á información formulada e consultados os arquivos, programas de xestión e demais documentación que obra en poder desta Administración, de conformidade co establecido nos artigos 26 e 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e tendo en conta o informado pola Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios,

RESOLVO

Conceder a Miguel Ángel González Delgado o acceso á información, nos seguintes termos:

- a) Non constan subvencións ningunhas solicitadas nin recibidas polo Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual durante os anos 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 nin previsión para o 2020.





- b) Para os anos 2013 a 2019, o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual non dispón de orzamento.
- c) Non constan as contas anuais dos anos 2013 a 2019 nin previsión para o ano 2020, nin constan auditorías de contas nin de fiscalización por parte de órganos externos de control. Tampouco constan actas da xunta xeral do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de aprobación das contas
- d) Durante os anos 2013 a 2019 e para o ano 2020, non constan retribucións de ningún tipo por parte da presidencia, da dirección nin dos cargos de confianza, asesores, demais cargos e vogais do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual.
- e) Non constan actas nin convenios de acordos celebrados polo organismo que afecten a terceiros para o período de tempo indicado na solicitude.
- f) Nos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020, non constan acordos nin actuacións encargados ao gabinete xurídico para preitos dos responsables do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual, con cargo aos fondos públicos ou subvencións.
- g) Non consta financiamento das campañas e recursos dedicados para a publicidade e ingresos relacionados co Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual dos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020.
- h) Non consta nos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020 inscrición do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual no rexistro de entidades públicas do Goberno español, Xunta ou órgano correspondente.
- i) Non constan nos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020 acta fundacional e copias dos DOGs ao Consello Asesor de telecomunicacións e Audiovisual.
- j) Non constan estatutos de cargos do Consello Asesor de telecomunicacións e Audiovisual e identificación de persoas físicas que os representen dos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020.
- k) Non consta identificación dos membros que integran o Consello de Administración do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual para os anos 2013 a 2019 e previsión do 2020.
- l) Non constan contas bancarias nin outros bens titularidade do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual con cargo aos fondos públicos subvencionados a membros de confianza, asesores ou vogais do organismo, relativos aos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020.
- ll) Non constan contratos ou convenios celebrados polo Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual e a Xunta de Galicia nos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020.
- m) Non constan actas, rexistros ou ordes para negar o dereito informativo ou as peticións de información pública nos termos que se solicitan no apartado g) do escrito presentado.





n) Non constan contratos de servizos informáticos da web www.cata.xunta.es relativos aos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020.

ñ) Non constan nos anos 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019, os documentos aos que se fai referencia na solicitude

Contra esta resolución, que pon fin a la vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou, previa e potestativamente, poderase interpoñer reclamación ante a Valedora do Pobo no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Notifícaselle esta resolución a Miguel Ángel Delgado González, con DNI núm. 32413124Y, por medio de notificación electrónica elixida como preferente na súa solicitude, segundo o esixido nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica que figura á marxe

A secretaria xeral de Medios

(por substitución, segundo Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas)

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

Enrique González Murga

